<p>16.10 Froitos de <i>Malus</i> Mill., <i>Prunus</i> L., <i>Pyrus</i> L. e <i>Vaccinium</i> L., orixinarios do Canadá, Estados Unidos e México.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos froitos mencionados no anexo IV, parte A, sección I, puntos 16.5, 16.6, 16.7, 16.8 e 16.9, declaración oficial de que os froitos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) son orixinarios dunha zona libre de <i>Grapholita packardi</i> Zeller, segundo a establecese o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, número 1, inciso ii), Directiva de execución (UE) 2019/523 da Comisión, do 21 de marzo de 2019, baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que ese status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou</li><li>b) son orixinarios dunha parcela de produción en que se realizan inspeccións oficiais ao seu debido tempo durante o ciclo de vexetación para detectar a presenza de <i>Grapholita packardi</i> Zeller, incluída unha inspección visual dunha mostra representativa de froitos, e estes están libres do organismo nocivo, e os certificados a que fai referencia o citado artigo 13, número 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade, ou</li><li>c) se someteron a un tratamento eficaz que garanta que están libres de <i>Grapholita packardi</i> Zeller e os datos do tratamento están indicados nos certificados a que fai referencia o mencionado artigo 13, número 1, inciso ii), sempre que o método de tratamento fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión.»</li></ul>
--	---

– despois do punto 25.7.2 insírense os seguintes puntos:

<p>«25.7.3 Froitos de <i>Capsicum annuum</i> L., <i>Solanum aethiopicum</i> L., <i>Solanum lycopersicum</i> L. e <i>Solanum melongena</i> L.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos froitos mencionados no anexo IV, parte A, sección I, puntos 16.6, 25.7.1, 25.7.2, 25.7.4, 36.2 e 36.3, declaración oficial de que os froitos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) son orixinarios dun país declarado libre de <i>Neoleucinodes elegantalis</i> (Guenée), de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, sempre que ese status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou</li><li>b) son orixinarios dunha zona libre de <i>Neoleucinodes elegantalis</i> (Guenée), segundo a establececese o servizo fitosanitario do país de orixe de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, número 1, inciso ii), da Directiva de execución (UE) 2019/523 da Comisión, do 21 de marzo de 2019, baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que ese status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou</li><li>c) son orixinarios dunha parcela de produción libre de <i>Neoleucinodes elegantalis</i> (Guenée), segundo a establececese o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, e na parcela de produción se levaron a cabo ao seu debido tempo inspeccións oficiais durante o ciclo de vexetación, incluído un exame de mostras representativas dos froitos, e estes están libres de <i>Neoleucinodes elegantalis</i> (Guenée), e os certificados a que fai referencia o citado artigo 13, número 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade, ou</li><li>d) son orixinarios dunha parcela de produción protexida fronte a insectos que o servizo fitosanitario do país de orixe declarase libre de <i>Neoleucinodes elegantalis</i> (Guenée), consonte as inspeccións oficiais realizadas durante os tres meses anteriores á exportación, e os certificados a que fai referencia o mencionado artigo 13, número 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade.</li></ul>
--	--

<p>25.7.4 Froitos de <i>Solanaceae</i> orixinarios de América, Australia e Nova Zelandia.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos froitos mencionados no anexo IV, parte A, sección I, puntos 16.6, 25.7.1, 25.7.2, 25.7.3, 36.2 e 36.3, declaración oficial de que os froitos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) son orixinarios dun país declarado libre de <i>Bactericera cockerelli</i> (Sulc.) de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, sempre que ese status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou</li><li>b) son orixinarios dunha zona libre de <i>Bactericera cockerelli</i> (Sulc.), segundo a establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, número 1, inciso ii), da Directiva de execución (UE) 2019/523 da Comisión, do 21 de marzo de 2019, baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que ese status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou</li><li>c) son orixinarios dunha parcela de produción en que, durante os tres meses anteriores á exportación, se realizan inspeccións oficiais, tamén nas inmediacións, para detectar a presenza de <i>Bactericera cockerelli</i> (Sulc.), se someteron a tratamentos eficaces que garantan que están libres do organismo nocivo, e se inspeccionaron mostras representativas dos froitos antes da súa exportación, e os certificados a que fai referencia o citado artigo 13, número 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade, ou</li><li>d) son orixinarios dunha parcela de produción protexida fronte a insectos que o servizo fitosanitario nacional declárase libre de <i>Bactericera cockerelli</i> (Sulc.), consonte as inspeccións oficiais realizadas durante os tres meses anteriores á exportación, e os certificados a que fai referencia o mencionado artigo 13, número 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade.»</li></ul>
---	--



– o punto 34 substitúese polo texto seguinte:

<p>«34. Medio de cultivo, unido ou asociado aos vexetais, destinado a manter a vitalidade dos vexetais, coa excepción dun medio estéril de vexetais cultivados <i>in vitro</i>, orixinarios de terceiros países distintos de Suíza.</p>	<p>Declaración oficial de que:</p> <p>a) no momento da plantación dos vexetais asociados, o medio de cultivo:</p> <p>i) estaba desprovisto de terra e materia orgánica e non se usara previamente para o cultivo de vexetais ou para usos agrícolas, ou</p> <p>ii) estaba composto enteiramente por turba ou fibra de <i>Cocos nucifera</i> L. e non se usara previamente para o cultivo de vexetais ou para usos agrícolas, ou</p> <p>iii) estaba sometido a un tratamento eficaz para garantir que estaba exento de organismos nocivos e os datos do tratamento están indicados nos certificados a que fai referencia o artigo 13, número 1, inciso ii), da Directiva de execución (UE) 2019/523 da Comisión, do 21 de marzo de 2019, baixo a epígrafe «Declaración adicional», e en todos os casos anteriores se almacenou e conservou en condicións adecuadas para que se mantivese exento de organismos nocivos, e</p> <p>b) desde o momento da plantación:</p> <p>i) se adoptaron as medidas adecuadas para garantir que o medio de cultivo se mantivo exento de organismos nocivos, incluídas, ao menos, as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• illamento físico do medio de cultivo respecto da terra e outras posibles fontes de contaminación,</li> <li>• medidas de hixiene,</li> <li>• uso de auga exenta de organismos nocivos, ou</li> </ul> <p>ii) dentro das dúas semanas anteriores á exportación, o medio de cultivo (incluída, cando procedía, a terra) foi eliminado por completo utilizando auga exenta de organismos nocivos. Poden realizarse replantacións no medio de cultivo que reúna os requisitos establecidos na letra a). Deben manterse as condicións adecuadas para garantir a ausencia de organismos nocivos, tal e como establece a letra b).»</p>
---	---

– Despois do punto 34 insírense os seguintes puntos:

<p>«34.1 Bulbos, cormos, rizomas e tubérculos, destinados á plantación, distintos dos tubérculos de <i>Solanum tuberosum</i>, orixinarios de terceiros países distintos de Suíza.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables que figuran no anexo IV, parte A, sección I, punto 30, declaración oficial de que o envío ou lote non conterá máis do 1 % en peso neto de terra e medio de cultivo.</p>
<p>34.2 Tubérculos de <i>Solanum tuberosum</i> orixinarios de terceiros países distintos de Suíza.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables enumeradas no anexo III, parte A, puntos 10, 11 e 12 e no anexo IV, parte A, sección I, puntos 25.1, 25.2, 25.3, 25.4.1 e 25.4.2, declaración oficial de que o envío ou lote non conterá máis do 1 % en peso neto de terra e medio de cultivo.</p>
<p>34.3 Raíces e tubérculos orixinarios de terceiros países distintos de Suíza.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables enumeradas no anexo III, parte A, puntos 10, 11 e 12, declaración oficial de que o envío ou lote non conterá máis do 1 % en peso neto de terra e medio de cultivo.</p>
<p>34.4 Maquinaria e vehículos que foron utilizados con fins agrícolas ou forestais, importados de terceiros países distintos de Suíza.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables que figuran no anexo IV, parte B, punto 30, declaración oficial de que a maquinaria ou os vehículos están limpos e exentos de terra e residuos vexetais. »</p>

2.º A sección II modifícase como segue:

– Despois do punto 2 insírense os seguintes puntos:

<p>«2.1 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte A do anexo V, madeira de <i>Juglans</i> L. e <i>Pterocarya</i> Kunth, que non sexa en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo, obtida total ou parcialmente deses vexetais,</li> <li>– embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, aros para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, pero incluída a madeira que non conserve a súa superficie arredondada natural.</li> </ul>	<p>Declaración oficial de que a madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) é orixinaria dunha zona da cal se sabe que está exenta de <i>Geosmithia morbida</i> Kolarík, Freeland, Utley &amp; Tisserat e o seu vector <i>Pityophthorus juglandis</i> Blackman, segundo a establecesen as autoridades competentes de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou</li> <li>b) foi sometida a un tratamento térmico adecuado a fin de alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 40 minutos continuos en todo o perfil da madeira, o que se acreditará estampando a marca «HT» na madeira ou na embalaxe, segundo o uso en vigor, ou</li> <li>c) foi escuadrada para eliminar completamente a superficie arredondada natural.</li> </ul>
<p>2.2 Estean ou non incluídas nos códigos NC da parte A do anexo V, casca illada e madeira de <i>Juglans</i> L. e <i>Pterocarya</i> Kunth. en forma de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– labras, partículas, serraduras, residuos ou material de refugallo obtidas total ou parcialmente deses vexetais.</li> </ul>	<p>Declaración oficial de que a madeira ou a casca illada:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) é orixinaria dunha zona libre de <i>Geosmithia morbida</i> Kolarík, Freeland, Utley &amp; Tisserat e o seu vector <i>Pityophthorus juglandis</i> Blackman, segundo a establecesen as autoridades competentes de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou</li> <li>b) foi sometida a un tratamento térmico adecuado a fin de alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 40 minutos continuos en todo o perfil da casca ou a madeira, o que se acreditará estampando a marca «HT» na embalaxe, segundo o uso en vigor.</li> </ul>
<p>2.3 Embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, aros para palés, madeiros de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto a madeira bruta dun grosor igual ou inferior a 6 mm, a madeira transformada producida por encolado, calor ou presión, ou por unha combinación destes métodos, e os madeiros de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío.</p>	<p>As embalaxes de madeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) serán orixinarias dunha zona libre de <i>Geosmithia morbida</i> Kolarík, Freeland, Utley &amp; Tisserat e o seu vector <i>Pityophthorus juglandis</i> Blackman, segundo a establecesen as autoridades competentes de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou</li> <li>b) –estarán fabricadas con madeira escascada, como se especifica no anexo I da Norma internacional para medidas fitosanitarias n.º 15 da FAO, «Regulamentación da embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional», <ul style="list-style-type: none"> <li>– someteranse a un dos tratamentos aprobados que se especifican no anexo I da citada Norma internacional, e</li> <li>– levarán a marca especificada no anexo II da citada norma internacional, que indique que a embalaxe de madeira foi sometida a un tratamento fitosanitario aprobado de conformidade con esa norma.»</li> </ul> </li> </ul>

– despois do punto 7 insírese o seguinte punto:

«7.1 Vexetais de <i>Juglans</i> L. e <i>Pterocarya</i> Kunth, destinados á plantación, excluídas as sementes.	<p>Declaración oficial de que os vexetais destinados á plantación:</p> <p>a) foron cultivados en todo momento, ou desde a súa introdución na Unión, nunha parcela de produción situada nunha zona libre de <i>Geosmithia morbida</i> Kolarík, Freeland, Utley &amp; Tisserat e o seu vector <i>Pityophthorus juglandis</i> Blackman, segundo a establececen as autoridades competentes de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou</p> <p>b) son orixinarios dunha parcela de produción, incluídas as inmediacións situadas nun raio mínimo de 5 km, onde non se observaron síntomas de <i>Geosmithia morbida</i> Kolarík, Freeland, Utley &amp; Tisserat e o seu vector <i>Pityophthorus juglandis</i> Blackman, nin a presenza do vector nas inspeccións oficiais realizadas durante os dous anos anteriores ao traslado, se inspeccionaron visualmente antes do seu traslado e se manipularon e envasaron de maneira que se evite a súa infestación tras abandonar a parcela de produción, ou</p> <p>c) son orixinarios dunha parcela de produción que presenta un illamento físico completo, e foron inspeccionados visualmente inmediatamente antes do seu traslado, e manipulados e envasados de maneira que se evite a súa infestación tras abandonar a parcela de produción.»</p>
---	--

– despois do punto 30.1 insírese o seguinte punto:

«31. Maquinaria e vehículos que foron utilizados con fins agrícolas ou forestais.	<p>A maquinaria ou os vehículos:</p> <p>a) serán trasladados desde unha zona libre de <i>Ceratocystis platani</i> (J. M. Walter) Engelbr. &amp; T. C. Harr., segundo a establececen as autoridades competentes de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou</p> <p>b) limpanse e estarán exentos de terra e residuos vexetais antes de saír da zona infestada de <i>Ceratocystis platani</i> (J. M. Walter).»</p>
---	---

b) A parte B modifícase como segue:

- 1.º No punto 16 suprímense os termos «UK (Irlanda do Norte)» da terceira columna.
- 2.º No punto 16.1 o texto da primeira columna substitúese polo texto seguinte:

«16.1 Vexetais de *Cedrus* Trew, *Pinus* L., destinados á plantación, excepto as sementes.»

3.º Despois do punto 16.1 insírese o seguinte punto:

<p>«16.2 Vexetais de <i>Quercus</i> L., distintos de <i>Quercus suber</i> L., dun perímetro de ao menos 8 cm medido a unha altura de 1,2 m do colo da raíz, destinados á plantación, distintos de froitos e sementes.</p>	<p>Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais mencionados no anexo III, parte A, punto 2, no anexo IV, parte A, sección I, puntos 11.01, 11.1, 11.2, e no anexo IV, parte A, sección II, punto 7, declaración oficial de que:</p> <p>a) os vexetais se cultivaron ao longo de toda a súa vida en parcelas de produción de países nos cales non se ten constancia da presenza de <i>Thaumetopoea processionea</i> L., ou</p> <p>b) os vexetais foron cultivados en todo momento nunha zona protexida que figura na terceira columna ou nunha zona libre de <i>Thaumetopoea processionea</i> L., segundo a establece o servizo fitosanitario nacional de conformidade coas Normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou</p> <p>c) os vexetais foron producidos, desde o principio do último ciclo completo de vexetación, en viveiros que están, así como as súas inmediacións, libres de <i>Thaumetopoea processionea</i> L., como se comprobou en inspeccións oficiais realizadas o máis preto posible do seu traslado, e se levaron a cabo inspeccións oficiais, desde o principio do último ciclo completo de vexetación e ao seu debido tempo, do viveiro e das súas inmediacións para detectar a presenza de larvas e outros síntomas de <i>Thaumetopoea processionea</i> L., ou</p> <p>d) os vexetais se cultivaron en todo momento nun sitio con protección física completa contra a introdución de <i>Thaumetopoea processionea</i> L., foron inspeccionados ao seu debido tempo e comprobouse que están libres de <i>Thaumetopoea processionea</i> L.</p>	<p>IE, UK (excepto as entidades locais de Barking and Dagenham; Barnet; Basildon; Basingstoke and Deane; Bexley; Bracknell Forest; Brent; Brentwood; Bromley; Broxbourne; Camden; Castle Point; Chelmsford; Chiltern; City of London; City of Westminster; Crawley; Croydon; Dacorum; Dartford; Ealing; East Hertfordshire; Elmbridge District; Enfield; Epping Forest; Epsom and Ewell District; Gravesham; Greenwich; Guildford; Hackney; Hammersmith &amp; Fulham; Haringey; Harlow; Harrow; Hart; Havering; Hertsmere; Hillingdon; Horsham; Hounslow; Islington; Kensington &amp; Chelsea; Kingston upon Thames; Lambeth; Lewisham; Littleford; Medway; Merton; Mid Sussex; Mole Valley; Newham; North Hertfordshire; Reading; Redbridge; Reigate and Banstead; Richmond upon Thames; Runnymede District; Rushmoor; Sevenoaks; Slough; South Bedfordshire; South Bucks; South Oxfordshire; Southwark; Spelthorne District; St Albans; Sutton; Surrey Heath; Tandridge; Three Rivers; Thurrock; Tonbridge and Malling; Tower Hamlets; Waltham Forest; Wandsworth; Watford; Waverley; Welwyn Hatfield; West Berkshire; Windsor and Maidenhead; Woking, Wokingham e Wycombe).»</p>
---	---	---

4.º No punto 21.E, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (comunidade autónoma de Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese, e os municipios de Bovisio Masciago, Cesano Maderno, Desio, Limbiate, Nova Milanese e Varedo, da provincia de Monza e Brianza), as Marcas, Molise, Piamonte (excepto os municipios de Busca, Centallo, Scarnafigi, Tarantasca e Villafalletto, da provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia [excepto os municipios de Cesarò (provincia de Messina), Maniace, Bronte, Adrano (provincia de Catania) e Centuripe, Regalbuto e Troina (provincia de Enna)], Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, os

municipios de Lendava, Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4) e Velika Polana, e as poboacións de Fužina, Gabrovčec, Glogovica, Gorenja vas, Gradiček, Grintovec, Ivančna Gorica, Krka, Krška vas, Male Lese, Malo Črnelo, Malo Globoko, Marinča vas, Mleščevo, Mrzlo Polje, Muljava, Podbukovje, Potok pri Muljavi, Šentvid pri Stični, Škrjanče, Trebnja Gorica, Velike Lese, Veliko Črnelo, Veliko Globoko, Vir pri Stični, Vrhpolje pri Šentvidu, Zagradec e Znojile pri Krki, no municipio de Ivančna Gorica], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málinec (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuš e Zátín (distrito de Trebišov)], FI e UK (Illa de Man e illas do Canal).»

5.º No punto 21.3.E, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (comunidade autónoma de Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese, e os municipios de Bovisio Masciago, Cesano Maderno, Desio, Limbiate, Nova Milanese e Varedo, da provincia de Monza e Brianza), as Marcas, Molise, Piemonte (excepto os municipios de Busca, Centallo, Scarnafigi, Tarantasca e Villafalletto, da provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia [excepto os municipios de Cesarò (provincia de Messina), Maniace, Bronte, Adrano (provincia de Catania) e Centuripe, Regalbuto e Troina (provincia de Enna)], Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, os municipios de Lendava, Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4) e Velika Polana, e as poboacións de Fužina, Gabrovčec, Glogovica, Gorenja vas, Gradiček, Grintovec, Ivančna Gorica, Krka, Krška vas, Male Lese, Malo Črnelo, Malo Globoko, Marinča vas, Mleščevo, Mrzlo Polje, Muljava, Podbukovje, Potok pri Muljavi, Šentvid pri Stični, Škrjanče, Trebnja Gorica, Velike Lese, Veliko Črnelo, Veliko Globoko, Vir pri Stični, Vrhpolje pri Šentvidu, Zagradec e Znojile pri Krki, no municipio de Ivančna Gorica], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málinec (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuš e Zátín (distrito de Trebišov)], FI e UK (Illa de Man e illas do Canal).»

6.º O punto 24.1 substitúese polo texto seguinte:

<p>« 24.1 Esgallos desraizados de <i>Euphorbia pulcherrima</i> Willd., destinados á plantación.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais mencionados no anexo IV, parte A, sección I, punto 45.1, cando proceda, declaración oficial de que:</p> <p>a) os esgallos desraizados son orixinarios dunha zona da cal se sabe que está exenta de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas), ou</p> <p>b) non se observaron signos de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, nin nos esgallos nin nos vexetais de que os esgallos derivan e que se manteñen ou se producen nese lugar de produción, con ocasión de inspeccións oficiais levadas a cabo neste lugar de produción ao menos cada tres semanas durante todo o período de produción deses vexetais, ou</p> <p>c) nos casos en que se detectase a presenza de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os esgallos e os vexetais de que estes derivan e que se manteñen ou se producen nese lugar de produción foron sometidos a un tratamento adecuado para garantir a inexistencia de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado exento de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ao seu traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período. A última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes dese traslado.</p>	<p>IRL, P (Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho e Trás-os-Montes), S, UK.»</p>
---	--	--

7.º O punto 24.2 substitúese polo texto seguinte:

<p>«24.2 Vexetais de <i>Euphorbia pulcherrima</i> Willd., destinados á plantación, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– as sementes,</li> <li>– os especificados no punto 24.1.</li> </ul>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais mencionados no anexo IV, parte A, sección I, punto 45.1, cando proceda, declaración oficial de que:</p> <p>a) os vexetais son orixinarios dunha zona da cal se sabe que está exenta de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas), ou</p> <p>b) non se observaron signos de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, nin nos vexetais, con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo ao menos unha vez cada tres semanas durante as nove semanas anteriores á comercialización, ou</p>	<p>IRL, P (Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho e Trás-os-Montes), S, UK.»</p>
---	--	--

- c) nos casos en que se detectase a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción foron sometidos a un tratamento adecuado para garantir a ausencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado libre de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ao seu traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período; a última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes dese traslado, e
- d) existen probas de que os vexetais foron producidos a partir de esgallos que:
- da) son orixinarios dunha zona da cal se sabe que está exenta de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), ou
- db) foron cultivados nun lugar de produción onde non se observaron signos de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo ao menos unha vez cada tres semanas durante todo o período de produción deses vexetais, ou
- dc) nos casos en que se detectase a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, foron cultivados en vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción que fosen sometidos a un tratamento adecuado para garantir a inexistencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado libre de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ao seu traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período; a última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes dese traslado, ou
- e) no caso dos vexetais cuxo envase, desenvolvemento floral ou bracteal ou outros elementos demostren que están destinados á venda directa a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais, eses vexetais foron sometidos a unha inspección oficial e declarados libres de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) antes do seu traslado.

8.º O punto 24.3 substitúese polo texto seguinte:

<p>«24.3 Vexetais de <i>Begonia</i> L. destinados á plantación, excepto as sementes, os tubérculos e os cormos, e vexetais de <i>Ajuga</i> L., <i>Crossandra</i> Salisb., <i>Dipladenia</i> A.DC., <i>Ficus</i> L., <i>Hibiscus</i> L., <i>Mandevilla</i> Lindl. e <i>Nerium oleander</i> L. destinados á plantación, excepto as sementes.</p>	<p>Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais mencionados no anexo IV, parte A, sección I, punto 45.1, cando proceda, declaración oficial de que:</p> <p>a) os vexetais son orixinarios dunha zona da cal se sabe que está exenta de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas), ou</p> <p>b) non se observaron signos de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, nin nos vexetais, con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo ao menos unha vez cada tres semanas durante as nove semanas anteriores á comercialización, ou</p> <p>c) nos casos en que se detectase a presenza de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción foron sometidos a un tratamento adecuado para garantir a ausencia de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado libre de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados de erradicación de <i>Bemisia tabaci</i> Genn. (poboacións europeas), tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo semanalmente durante as tres semanas anteriores ao seu traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o citado período; a última das citadas inspeccións semanais deberá levarse a cabo inmediatamente antes dese traslado, ou</p> <p>d) no caso dos vexetais cuxo envase, desenvolvemento floral ou outros elementos demostren que están destinados á venda directa a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais, eses vexetais foron sometidos a unha inspección oficial e declarados libres de <i>Bemisia tabaci</i> Xenn (poboacións europeas) inmediatamente antes do seu traslado.</p>	<p>IRL, P (Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Minho e Trás-os-Montes), S, UK.»</p>
--	---	--

9.º O punto 31 substitúese polo texto seguinte:

<p>«31. Froitos de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, orixinarios de BG, HR, SI, EL (unidades periféricas da Argólida, Arta, Chania e Laconia), P (Algarve, Madeira e o condado de Odemira no Alentexo), E, F, CY e I.</p>	<p>Sen prexuízo do requisito do anexo IV, parte A, sección II, punto 30.1, de que a embalaxe debe levar unha marca de orixe:</p> <p>a) os froitos non deberán ter follas nin pedúnculos; ou</p> <p>b) no caso de froitos con follas ou pedúnculos, estes irán acompañados dunha declaración oficial de que eses froitos se embalaron en contedores fechados que foron selados oficialmente e que permanecerán selados durante o seu transporte a través dunha zona protexida, recoñecida como tal para eses froitos; ademais, deberán levar unha marca distintiva que constará no pasaporte.</p>	<p>EL (excepto as unidades periféricas da Argólida, Arta, Chania e Laconia), M e P (excepto Algarve, Madeira e o condado de Odemira no Alentexo).»</p>
--	--	--



Cinco. O anexo V modifícase como segue:

a) A parte A modifícase como segue:

1.º A sección I modifícase como segue:

– No punto 1.7, a letra a) substitúese polo texto seguinte:

«a) se obtívese, na súa totalidade ou en parte, de *Juglans* L., *Platanus* L. e *Pterocarya* L., incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada natural;»

– O punto 2.1 substitúese polo texto seguinte:

«2.1. Vexetais destinados á plantación, excepto as sementes, dos xéneros *Abies* Mill., *Apium graveolens* L., *Argyranthemum* spp., *Asparagus officinalis* L., *Aster* spp., *Brassica* spp., *Castanea* Mill., *Cucumis* spp., *Dendranthema* (DC.) Des Moul., *Dianthus* L. e híbridos, *Exacum* spp., *Fragaria* L., *Gerbera* Cass., *Gypsophila* L., todas as variedades de híbridos de Nova Guinea de *Impatiens* L., *Juglans* L., *Lactuca* spp., *Larix* Mill., *Leucanthemum* L., *Lupinus* L., *Pelargonium* l'Hérit. ex Ait., *Picea* A. Dietr., *Pinus* L., *Platanus* L., *Populus* L., *Prunus laurocerasus* L., *Prunus lusitanica* L., *Pseudotsuga* Carr., *Pterocarya* L., *Quercus* L., *Rubus* L., *Spinacia* L., *Tanacetum* L., *Tsuga* Carr., *Ulmus* L., *Verbena* L. e outros vexetais de especies herbáceas, excepto os da familia *Gramineae*, destinados á plantación, e excepto os bulbos, os cormos, os rizomas, as sementes e os tubérculos.»

2.º O punto 1.2 da sección II substitúese polo texto seguinte:

«1.2 Vexetais destinados á plantación, excepto as sementes, de *Beta vulgaris* L., *Cedrus* Trew, *Platanus* L., *Populus* L., *Prunus* L. e *Quercus* spp., distintos de *Quercus suber* L. e *Ulmus* L.»

b) A sección I da parte B modifícase como segue:

1.º O punto 2 modifícase como segue:

– O noveno guión substitúese polo texto seguinte:

«– Ramas cortadas de *Fraxinus* L., *Juglans* L., *Ulmus davidiana* Planch. e *Pterocarya* L., con ou sen follaxe, orixinarias do Canadá, China, Estados Unidos, Xapón, Mongolia, República de Corea, República Popular Democrática de Corea, Rusia e Taiwán.»

– Engádese o guión seguinte:

«– *Convolvulus* L., *Ipomoea* L. (excepto os tubérculos), *Micromeria* Benth e *Solanaceae*, orixinarios de América, Australia e Nova Zelandia.»

2.º O punto 3 modifícase como segue:

– O primeiro guión substitúese polo texto seguinte:

«– *Citrus* L., *Fortunella* Swingle, *Poncirus* Raf., *Microcitrus* Swingle, *Naringi* Adans., *Swinglea* Merr. e os seus híbridos, *Momordica* L. e *Solanaceae*.»

– O segundo guión substitúese polo texto seguinte:

«– *Actinidia* Lindl., *Annona* L., *Carica papaya* L., *Cydonia* Mill., *Diospyros* L., *Fragaria* L., *Malus* L., *Mangifera* L.; *Passiflora* L., *Persea americana* Mill., *Prunus* L., *Psidium* L.; *Pyrus* L., *Ribes* L., *Rubus* L., *Syzygium* Gaertn., *Vaccinium* L. e *Vitis* L.»

– Suprímese o terceiro guión.

3.º O terceiro guión do punto 5 substitúese polo texto seguinte:

«– *Fraxinus L.*, *Juglans L.*, *Ulmus davidiana* Planch. e *Pterocarya L.*, orixinarios do Canadá, China, Estados Unidos, Xapón, Mongolia, República de Corea, República Popular Democrática de Corea, Rusia e Taiwán.»

4.º O punto 6, letra a), modifícase como segue:

– O segundo guión substitúese polo texto seguinte:

«– *Platanus L.*, incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada natural, orixinaria de Albania, Armenia, Estados Unidos, Suíza ou Turquía.»

– O sexto guión substitúese polo texto seguinte:

«– *Fraxinus L.*, *Juglans L.*, *Ulmus davidiana* Planch. e *Pterocarya L.*, incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada natural, orixinaria do Canadá, China, Estados Unidos, Xapón, Mongolia, República de Corea, República Popular Democrática de Corea, Rusia e Taiwán.»

– O oitavo guión substitúese polo seguinte:

«– *Amelanchier* Medik., *Aronia* Medik., *Cotoneaster* Medik., *Crataegus L.*, *Cydonia* Mill., *Malus* Mill., *Piracantha* M. Roem., *Pyrus L.* e *Sorbus L.*, incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada natural, excepto serraduras ou labras, orixinaria do Canadá ou Estados Unidos.»

– Engádese un noveno guión:

«– *Prunus L.*, incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada natural, orixinaria do Canadá, China, os Estados Unidos, a República Popular Democrática de Corea, Mongolia, Xapón, a República de Corea ou Vietnam;»

5.º O punto 7 substitúese polo texto seguinte:

«7. O medio de cultivo, unido ou asociado aos vexetais, destinado a manter a vitalidade dos vexetais orixinarios de terceiros países distintos de Suíza.»

6.º Despois do punto 7 insírese o seguinte punto:

«7.1 Maquinaria e vehículos que fosen utilizados con fins agrícolas ou forestais que cumpran unha das descripcións seguintes establecidas no anexo I, segunda parte, do Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, importados de terceiros países distintos de Suíza:

Código NC	Descrición
ex 8432	Máquinas, aparellos e artefactos agrícolas, hortícolas ou silvícolas, para a preparación ou o traballo da terra ou para o cultivo; rolos para relva ou terreos de deporte.
ex 8433 53	Máquinas de apañar raíces ou tubérculos.
ex 8436 80 10	Para a silvicultura.
ex 8701 20 90	Tractores (excepto as carretillas tractor da partida 8709) Tractores de estrada para semirremolques, usados.
ex 8701 91 10	Tractores agrícolas e tractores forestais, de rodas, con motor de potencia inferior ou igual a 18 kW.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante a presente orde incorpórase ao noso ordenamento xurídico a Directiva de execución (UE) 2019/523 da Comisión, do 25 de marzo de 2019, pola que se modifican os anexos I a V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de setembro de 2019.

Madrid, 12 de xullo de 2019.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.